XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E VIVENDA

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 541 755/6
Fax: 981 541 757

galicia

iet INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS, OS CONCELLOS DE AMES, BETANZOS, FENE E TEO PARA A OBTENCIÓN DE IMAXES AÉREAS DE ALTA RESOLUCIÓN XEORREFERENCIADAS.**

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2019

**REUNIDOS**

Dunha parte Dª. Ángeles Vázquez Mejuto, Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e Presidenta do Instituto de Estudos do Territorio, no exercicio das facultades conferidas polo artigo 12 e 13.1 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os seus estatutos, e en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e do Acordo do Consello da Xunta de 27 de marzo de 1991 (DOG de 30 de abril), de acordo co seu nomeamento polo Decreto 94/2018, do 26 de setembro, publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 185, do 27 de setembro de 2018, en relación co establecido no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e co establecido no Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, que actúa en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Don Alfredo L. García Rodríguez, na súa condición de Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante FEGAMP), actuando en virtude das atribucións que lle confire o artigo 46.1 dos seus Estatutos.

Don José Manuel Miñones Conde, na súa condición de Alcalde-Presidente do Concello de Ames, provincia da Coruña, actuando en virtude das atribucións que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local.

Dona María Barral Varela, na súa condición de Alcaldesa-Presidenta do Concello de Betanzos, provincia da Coruña, actuando en virtude das atribucións que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local.

Don Gumersindo Pedro Galego Feal, na súa condición de Alcalde-Presidente do Concello de Fene, provincia da Coruña, actuando en virtude das atribucións que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local.

Don Rafael Carlos Sisto Edreira, na súa condición de Alcalde-Presidente do Concello de Teo, provincia da Coruña, actuando en virtude das atribucións que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local.

As partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal necesaria e,

**EXPOÑEN**

**PRIMEIRO** O Instituto de Estudos do Territorio (IET), organismo autónomo da Xunta de Galicia, adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, en virtude do mandato recollido na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e cuxos estatutos foron aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, e recentemente modificados polo Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia, exerce, entre outras, as seguintes funcións:

- Realizar traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio, e en particular, o impulso da cooperación con todas as administracións públicas con competencia no territorio, especialmente coas administracións locais, co fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins de protección, xestión e ordenación anteriormente sinalados.
- Prestar asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución do planeamento, co fin de implementar as políticas de paisaxe na planificación urbanística e territorial.

- A recompilación e o tratamento da información do territorio galego, así como a produción cartográfica para as diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en materia agraria e de desenvolvemento rural, o que inclúe, en particular:

  - Coordinación e difusión da información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento dos estudos territoriais e urbanísticos das diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma, así como o apoio técnico á difusión e formación de actuacións en materia de información xeográfica desenvolvidas pola Xunta de Galicia ou en coordinación con ela.
  - Xestionar os sistemas de información corporativos vinculados ao territorio a partir das bases de datos cartográficas e espaciais existentes na consellería e no resto dos órganos da Administración xeral e entidades do sector público autonómico de Galicia que así o demanden, así como calquera outra información que se poida localizar sobre o territorio e que sexa susceptible de ser incorporada coa súa referencia xeográfica para a xestión da Infraestrutura de datos espaciais de Galicia (IDEG).
  - Incentivar a innovación, a adopción e o desenvolvemento de tecnoloxías e infraestruturas propias no campo de información xeográfica do territorio galego. Así mesmo, abordarase a planificación e o desenvolvemento de servizos de valor engadido e de novos sistemas e aplicacións en materia de información xeográfica para Galicia.

**SEGUNDO** Que a lei 14/2010 do 5 de xullo sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica de España, ten por obxecto complementar a organización dos servizos de información xeográfica e fixar, de conformidade coas competencias estatais, as normas xerais para o establecemento de infraestruturas de información xeográfica en España orientadas a facilitar a aplicación de políticas baseadas na información xeográfica polas Administracións Públicas e o acceso e utilización deste tipo de información.

Para a organización dos servizos de información xeográfica e cartografía que contempla a Lei, no seu artigo 17, cóntase coa participación do Sistema Cartográfico Nacional.

Que o Real Decreto 1545/2007, do 23 de novembro, polo que se regula o Sistema Cartográfico Nacional, no seu artigo 2, apartado 1, establece que o Sistema Cartográfico Nacional persegue o exercicio eficaz das funcións públicas en materia de información xeográfica mediante a coordinación da actuación dos diferentes operadores públicos cuxas competencias concorren neste ámbito, cos obxectivos seguintes:

a) Garantir a homoxeneidade da información producida polos organismos públicos que formen parte del e que de maneira concorrente desenvolven actividades cartográficas no territorio nacional, para asegurar así a coherencia, continuidade e interoperabilidade da información xeográfica sobre o territorio español.

b) Favorecer a eficiencia no gasto público destinado a cartografía e sistemas de información xeográfica, evitando a dispersión e duplicidade dos recursos públicos utilizados e promovendo a cooperación interinstitucional.

c) Asegurar a dispoñibilidade pública e actualización dos datos xeográficos de referencia.

d) Optimizar a calidade da produción cartográfica oficial e a súa utilidade como servizo ao público, facilitando o acceso á información

e) xeográfica e favorecendo a competitividade do sector cartográfico privado.

**TERCEIRO** Que segundo establece o artigo 3 dos Estatutos da Federación Galega de municipios e provincias (FEGAMP) o seu ámbito competencial incluirá calquera asunto que garde relación cos intereses comúns dos Entes Locais que integran o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre os fins da FEGAMP recollidos no artigo 6 dos seus estatutos está o de promover e representar os intereses das Entidades Locais ante outras Administracións Públicas, gozando no exercicio das atribucións que ten conferidas para o cumprimento dos seus fins estatutarios de plena capacidade para subscribir os convenios que procedan.

**CUARTO** Que segundo establece o artigo 25 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, que o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias entre outras:

- Urbanismo: plan, xestión, execución e disciplina urbanística
- Protección e xestión do Patrimonio histórico
- Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira
- Conservación e rehabilitación da edificación

**QUINTO** Que o Plan Nacional de Ortofotografía Aérea (PNOA) ten como obxectivo a obtención de ortofotografías aéreas dixitais con resolución de 25 ou 50 cm e modelos dIxitais de elevacións (MDE) de alta precisión de todo o territorio español, cun período de actualización de 2 ou 3 anos, segundo

as zonas. Trátase dun proxecto cooperativo e cofinanciado entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas.

Realízase un voo fotogramétrico único e un tratamento rigoroso dos datos cumprindo cunhas especificacións técnicas consensuadas entre todas as Administracións Públicas participantes. Esta formulación de produción descentralizada e cooperativa entre as distintas administracións é acorde co espírito da Directiva Inspire para o establecemento dunha Infraestrutura de datos xeográficos en Europa, que persegue que o nivel de detalle máximo da información xeográfica se capture unha soa vez e que se comparta abertamente entre os distintos axentes sociais que teñan necesidade desta. Tanto os recubrimientos de ortoimaxes como os modelos dixitais de elevacións forman parte dos "datos básicos de referencia" recollidos na dita Directiva.

A fotografía aérea é a base para a realización de cartografía e a información xeográfica en xeral, ocupación do chan, urbanismo e ordenación do territorio, catastro, xestión forestal, hidrografía, etc. Utilizando os mesmos datos fotogramétricos de partida, conséguese ademais unha perfecta coherencia xeométrica e temporal das bases de datos cartográficos e xeográficos existentes en todas as administracións. As características dos produtos obtidos no PNOA, satisfán as necesidades de todas as administracións implicadas.

A dirección do proxecto está asumida polo Ministerio de Fomento, a través da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional (IGN) e o Centro Nacional de Información Xeográfica (CNIG) e coordínase cos demais Ministerios interesados e con cada Comunidade Autónoma.

A produción realízase de maneira descentralizada por cada equipo autonómico, sendo o Instituto Xeográfico Nacional o responsable da validación final, e a integración dos produtos resultantes.

Que durante o ano 2017, e dentro do Plan Nacional de Ortofotografía aérea, efectuáronse voos sobre o territorio de Galicia co fin de obter ortofotos con 25 cm de resolución espacial. Este plan, aínda que responde satisfactoriamente a moitas das demandas que poden existir con respecto a planificación espacial das políticas nacionais e autonómicas en materias como o medioambiente, infraestruturas ou vivenda, non cubre a totalidade das necesidades dos concellos nas materias da súa competencia como poden ser as de planificación de redes de saneamento e abastecemento, plans de emerxencias, localización de equipamentos e dotacións, evolución da ocupación do solo, ou a planificación e disciplina urbanística. É por iso, que dende o Instituto de Estudios do Territorio, organismo adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, impulsou no ano 2018 un novo Plan dirixido a Administración Local de Galicia (PNOA10), para que conxuntamente se poda respostar de xeito

voluntario, coordinado e optimizando os recursos dispoñibles, ás demandas que dende o eido local existen de ortofotos de máis detalle.

Con base neste plan, no ano 2018 asinouse o convenio de colaboración para a obtención de imaxes aéreas de alta resolución xeorreferenciadas, asinado polos concellos de Cambre, Carballo, Oleiros, Lugo, Sanxenxo e Pontevedra.

En vistas dos excelentes resultados acadados proponse a realización deste plan no ano 2019.

O artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o 194 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, pudendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

**SEXTO** Que é de interese común das partes a obtención conxunta de imaxes áreas co fin de mellorar a capacidade para identificar e representar as construcións, o mobiliario urbano ou os elementos das infraestruturas básicas, así como permitir a obtención de tantas perspectivas sobre a mesma zona do terreo que se poida conseguir rectificar a parte superior das edificacións, o que significa na práctica que estas aparecerán reflectidas na súa posición verdadeira, fronte ao que sucedía nas ortos convencionais. Deste xeito evitaranse as oclusións producidas polos edificios e poderemos observar, medir e representar todos os obxectos na contorna das edificacións.

Que os produtos derivados da execución deste convenio, poderán ser múltiples e variarán dende a obtención dunha cartografía dixital de gran escala (1/1.000), servir de base para os Sistemas de Información Xeográfica municipais, determinar modelos de precisión do terreo, de edificacións ou dos propios xerados para crear realidade virtual e aumentada.

Que tamén resultará básica a información acadada para alimentar os programas de xestión das *smart cities*, suministrar datos precisos das cidades aos equipos de emerxencias ou na xestión de datos dos edificios ao longo do seu ciclo de vida *Building Information Management*.

**SÉTIMO** Os asinantes presentan polo tanto, unha sintonía cos obxectivos do convenio, así como complementariedade dos medios e mecanismos concorrentes para a súa consecución, quedando acreditada a súa representatividade no ámbito obxectivo do convenio.

**CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto regular o réxime de colaboración entre as partes subscritoras aos efectos de acadar a realización de imaxes áereas de alta resolución xeorreferenciadas ao abeiro das actuacións contempladas no desenvolvemento do Plan Nacional de Ortofotografía Aérea (PNOA 10) para Galicia.

Obteranse imaxes áreas durante o ano 2019, logo da ratificación do convenio, no territorio dos concellos conveniados, co fin de obter ortofotos cunha resolución espacial de aproximadamente 10 cm. A estes concellos poderían sumarse todos aqueles, segundo o disposto na cláusula sexta, que así o considerasen oportuno, xa que o fin último sería o de cubrir o meirande número de quilómetros cadrados do territorio para reducir os custos por quilómetro cadrado do proxecto.

**SEGUNDA.- DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS E COMPROMISOS DAS PARTES**

A dirección técnica dos traballos para a realización das actividades recollidas no convenio serán realizada polo IET. Para isto:

O IET comprométese a realizar a contratación dos voos necesarios para a obtención de imaxes aéreas de alta resolución xeoreferenciadas, a verificar a execución destes contratos de conformidade coas especificacións técnicas establecidas no anexo I e no prego de prescricións técnicas que se aprobe no seu día co obxecto da contratación das imaxes.

O IET tamén se compromete a aportar parte do financiamento necesario para a execución deste convenio (50.000 euros), segundo se detalla na cláusula cuarta e a asumir o control de calidade dos produtos elaborados.

CONCELLO DE TEO
Alcaldía

A FEGAMP comprométese á promoción do obxectivo e das actuacións deste convenio entre as entidades locais (deputacións, concellos e entidades supramunicipais) para conseguir a maior participación neste durante o período de vixencia ou en posteriores prórrogas, de ser o caso, en coordinación co IET. Así mesmo, comprométese a mediar para acadar vías de cofinanciación dos

traballos obxecto deste convenio, ao fin de que os concellos poidan acceder máis facilmente a unha cartografía actualizada e adaptadas ás súas necesidades.

Os concellos comprométense a delimitar as zonas a capturar tendo en conta estes criterios e as súas propias necesidades e faranse cargo do resto do custo en proporción á superficie voada.

A superficie total sobre a que se van a realizar os voos é de 137,30 Km$^2$

No anexo II detállase tanto a superficie por concello como a total.

Unha vez transferidas as aportacións dos concellos á Tesourería da Xunta de Galicia, o IET procederá á contratación e execución dos voos que, en todo caso, salvo modificación deste convenio, realizaranse ata o 15/10/2019.

Unha vez realizados os voos, a información obtida será posta a disposición de todos os participantes neste convenio e do conxunta da cidadanía dun xeito libre e gratuíto mediante calquera das Infraestruturas de Datos Espaciais (IDE) dos organismos participantes no acordo

O IET, de conformidade coas súas competencias, comprometese a verificar o control de calidade das imaxes obtidas, así como a súa harmonización e normalización, no marco do Sistema Cartográfico Nacional.

Os concellos comprométense a aportar o financiamento necesario, detallado na cláusula cuarta, así como a delimitar as zonas a capturar e a facilitar toda a información territorial necesaria para a execución deste convenio.

**TERCEIRA. ORZAMENTO**

O prezo por km2 dos voos para a obtención de imaxes aéreas de alta resolución xeorreferenciadas estableceuse en 980,37 euros/ km$^2$ (IVE excluído), 1.186,25 (IVE incluído).

O prezo por km$^2$ estimouse a partir da experiencia levada a cabo no ano 2018 no que por primeira vez se levaron a cabo en Galicia voos deste tipo, previa realización dunha Consulta Preliminar do Mercado que realizou o IET, e que foi publicada na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia o 24/01/2018 e no DOUE o 26/01/2018.

Os concellos delimitaron as zonas a capturar tendo en conta as súas propias necesidades e se estableceu que a superficie a voar é de 137,30 km².

Polo tanto, o custo dos voos ascende a 162.872,13 € dos cales 112.872,13 € son financiados polos concellos e 50.000 polo IET (IVE incluido en ambos casos).

O custo do control de calidade das imaxes obtidas, así como a súa harmonización e normalización, no marco do Sistema Cartográfico Nacional estímase en 30.500 euros.

En consecuencia, o custe total deste convenio ascende a 193.372,13 IVE incluido.

No anexo III detallase o orzamento.

**CUARTA. FINANCIAMENTO**

O financiamento da contratación dos voos necesarios para a obtención de imaxes aéreas de alta resolución xeorreferenciadas é asumido polo IET e polos concellos.

O IET comprométese a aportar a cantidade de 50.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 07 81 541E 6401 (proxecto 2014 00004), e os concellos asinantes os 112.872,13 € restantes.

O control de calidade, estimado en 30.500,00 €, realizarao o IET co seu propio persoal, con cargo ao capítulo I dos orzamentos do Instituto de Estudios do Territorio, aprobados pola Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

No anexo IV detallase as obrigas financeiras de cada unha das partes.

**QUINTA.- PAGAMENTO E LIQUIDACIÓN**

Con anterioridade á sinatura do convenio, remitirase ao IET a seguinte documentación:

Documento contable no que conste a correspondente retención de crédito (RC).

Este compromiso é imprescindible para que o IET poida tramitar a xeración do crédito correspondente, ao abeiro do disposto no artigo 69 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, para poder dispoñer de crédito suficiente para tramitar as contratacións necesarias para a execución deste convenio.

CONCELLO DE TEO
Alcaldía

Posteriormente os concellos transferirán á Tesourería da Xunta de Galicia (conta bancaria: ES82 2080 0300 8731 1006 3172) o importe das súas obrigas nó mes da sinatura do convenio.

De non se efectuar as achegas correspondentes a cada administración nos prazos fixados, as partes asumen expresamente que as mesmas terán a consideración de débedas firmes, líquidas e exixibles pola Xunta de Galicia, quen poderá reter e compensar os referidos importes das cantidades que lles correspondan aos concellos como participación no Fondo de Cooperación Local, consonte co legalmente establecido.

O IET comprométese a pagar o importe dos voos as empresas contratadas ao abeiro do contrato que se formalice en execución deste convenio.

No caso de que o convenio non se chegase á executar ou se executase só en parte, o IET comprométese a devolver aos concellos, no prazo mais breve posible que permita a súa tramitación dende que se formalizase a resolución ou modificación, o importe das súas achegas, que pode ser total ou proporcional á parte non executada.

No caso de que non exista un número mínimo de catro concellos que realicen as referidas aportacións, quedará sen efecto o convenio e decaerá o deber do IET de contratar os voos.

Unha vez executado o contrato dos voos para a obtención de imaxes aéreas, o IET realizará a liquidación do convenio. A diferencia entre o orzamento de licitación do contrato ( 162.872,13 € ) e o orzamento de adxudicación, minorado polo importe do IET (50.000 €), devolverase de forma íntegra aos concellos adheridos ao convenio, en proporción á aportación e superficie de cada un,no prazo máis breve posible que permita a súa tramitación. O diñeiro aportado polo IET (50.000,00 €) non se minorará.

A aportación do IET (50.000,00 €) ten por obxecto reducir o custo dos concellos agora asinantes, sen prexuízo da posibilidade de que no futuro se adhiran a este convenio novos concellos, a través de addenda, no período anterior á adxudicación do contrato, e dentro dos límites previstos no artigo 204 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**SEXTA.- ADHESIÓN DE NOVAS PARTES**

Durante a vixencia deste convenio, poderanse adherir novos asinantes, ben sexa o Instituto Xeográfico Nacional, con obxecto de participar co IET no control de calidade das imaxes obtidas, así como a súa harmonización e normalización, no marco do Sistema Cartográfico Nacional; ben sexan novos concellos, neste caso, debendo producirse a adhesión no período anterior á adxudicación do contrato.

As adhesións formalizaranse mediante as oportunas addendas a este convenio e dentro do límite previsto na cláusula quinta.

Nas addendas de novos concellos deberase detallar a superficie para voar, o orzamento do devandito voo e as obrigacións das partes.

Con anterioridade á formalización desta addenda, os novos concellos achegarán ao IET unha certificación do Secretario Municipal, no que conste o acordo do Pleno Municipal ou do órgano que corresponda, na que se acredite que o concello dispón do orzamento necesario e que se compromete á transferilo á Tesourería da Xunta de Galicia.

Dentro do mes da sinatura da addenda, os novos concellos deberan a transferir á Tesourería da Xunta de Galicia (conta bancaria: ES82 2080 0300 8731 1006 3172) o importe das súas obrigas.

**SÉTIMA.- PROPIEDADE INTELECTUAL**

A propiedade intelectual dos traballos resultantes será compartida polas partes asinantes deste convenio, salvo renuncia expresa dalgunha das partes, os cales se comprometen a empregala dentro dos fins que lle son propios.

**OITAVA.-VIXENCIA**

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia ata o 31/12/2019, salvo a prórroga por acordo mutuo das partes antes da súa finalización para o cumprimento da finalidade nel establecida, sen que en ningún caso poda exceder dos catro anos.

CONCELLO DE TEO
Alcaldía

**NOVENA. PUBLICIDADE**

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo

O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio poderá dar lugar ao reintegro total ou parcial das cantidades recibidas.

**DUODÉCIMA.- XURISDICIÓN E NORMATIVA APLICABLE**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non puideran ser dirimidas pola comisión de seguimento creada a tal efecto, resolveranse pola xurisdición contencioso administrativa, na maneira regulada na Lei 29/1998 da xurisdición contencioso-administrativa.

**DÉCIMO TERCEIRA.- RELACIÓNS LABORAIS**

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre as partes, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente Convenio.

En proba de conformidade asinan o presente convenio en oito exemplares, no lugar e data ao comezo citado.

Polo IET

Angeles Vázquez Mejuto

Pola FEGAMP

Alfredo L. García Rodríguez

Polo Concello de Ames

Don José Manuel Miñones Conde

Polo Concello de Betanzos

Dona María Barral Varela

Polo Concello de Fene

Don Gumersindo Pedro Galego Feal

Polo Concello de Teo

Don Rafael Carlos Sisto Edreira

goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

**DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión mixta de seguimento. A dita comisión actuará como mecanismo conxunto de plena efectividade e reunirase a petición dunha das partes. En caso de discrepancia, e en última instancia, resolverán os órganos xurisdicionais competentes.

Composición: A comisión estará Composta por un membros de cada unha das entidades asinantes, actuando como presidente o representante do IET.

Funcións: Esta comisión mixta desenvolverá os obxectivos que xustifican o asinamento deste convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

a) Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.

b) Propoñer addendas ou modificacións a este convenio para que sexan aprobados polos órganos competentes.

c) Seguimento das actividades contempladas no presente convenio

d) Liquidación do convenio se fose o caso.

Operatividade: A comisión mixta de seguimento reunirase con motivo do seguimento do traballo na periodicidade que se estime necesario convocar.

**UNDÉCIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO**

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo. A denuncia por unha das partes do presente Convenio deberá comunicarse por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado.

Son causas de resolución do presente convenio:

a) Por acordo mutuo das persoas asinantes.

b) Si se producisen circunstancias que fixesen imposible realizar as actuacións previstas no convenio.

c) Polo incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas no presente convenio.

d) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga deste.

e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

# ANEXO I

Especificacións técnicas a cumprir polas imaxes aéreas de alta resolución xeorreferenciadas

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

# ANEXO I- Especificaciones Técnicas PNOA 10cm

Última Versión - Adaptación Comunidad Autónoma de Galicia*

Plan Nacional de Ortofotografía Aérea

**Organismos participantes:**

- Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio Instituto de Estudios del territorio (IET)
- Federación Gallega de Municipos y Provincias (FEGAMP)
- Ayuntamiento de Ames
- Ayuntamiento de Betanzos
- Ayuntamiento de Fene
- Ayuntamiento de Teo

Tamaño de píxel: **0,10 m**

**Descripción de este documento:**

| | |
|---|---|
| Título | Especificaciones Técnicas para el Plan Nacional de Ortofotografía Aérea (PNOA) |
| Identificador | Especificaciones Tecnicas PNOA 10cm Comunidad Autónoma de Galicia |
| Autor | Equipo Técnico Nacional. Instituto Geográfico Nacional (IGN)<br>Equipo Técnico Autonómico. Instituto de Estudos del Territorio (IET)<br>Federación Gallega de Municipos y Provincias (FEGAMP)<br>Ayuntamientos de Ames, Betanzos, Fene, Teo |
| Fecha | 2019 |
| Tema | Especificaciones Técnicas para el Plan Nacional de Ortofotografía Aérea |
| Estado | Pendiente de aprobación |
| Objetivo | Contratación de cobertura de fotografía aérea, vuelo lidar, apoyo fotogramétrico de campo, aerotriangulación, modelo digital de elevaciones y ortofotos digitales de ayuntamientos participantes |
| Descripción | Listado resumido de especificaciones de obligado cumplimiento por los organismos participantes y las empresa contratistas en la realización de los trabajos del Plan Nacional de Ortofotografía Aérea |
| Instituciones colaboradoras | Instituto Geográfico Nacional (IGN) / (Mº Fomento)<br>Equipo Técnico Autonómico (IET) Instituto de Estudos do Territorio/(Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio)<br>Federación Gallega de Municipos y Provincias (FEGAMP)<br>Ayuntamientos de Ames, Betanzos, Fene, Teo |
| Difusión | Equipo Técnico de la Comunidad Autónoma de Galicia (IET)<br>Equipo Técnico del IGN<br>Federación Gallega de Municipos y Provincias (FEGAMP)<br>Ayuntamientos de Ames, Betanzos, Fene, Teo<br>Empresas contratistas |
| Documentos relacionados | Pliego de condiciones técnicas del Plan Nacional de Ortofotografía Aérea |
| Período de validez | Última versión |
| *Adaptación Comunidad Autónoma de Galicia | Los items indicados con * han sido adaptados a las necesidades específicas de la Comunidad Autónoma de Galicia |

| Apartado | Ítem | Fase / Parámetro | Especificaciones | Detalles |
|---|---|---|---|---|
| 0. | | **SISTEMA GEODÉSICO DE REFERENCIA** | | |
| | a | SISTEMA GEODÉSICO DE REFERENCIA | **ETRS89** | Todo el trabajo se realizará en ETRS89, materializado sobre el territorio mediante los vértices REGENTE de la Red Geodésica Nacional y sus densificaciones |
| | b | Altitudes elipsoidales | **Se utilizarán únicamente alturas elipsoidales referidas a GRS80 en todos los procesos de cálculo de la fase de vuelo** | |
| | c | Transformaciones de **altitudes elipsoidales a ortométricas** | Se realizarán utilizando el modelo de geoide que suministrará el Instituto Geográfico Nacional (EGM2008-REDNAP) | |
| | d | Proyección cartográfica | **UTM** | Referido al **huso** 29 correspondiente a la zona |
| | e | Huso UTM a emplear | Cada hoja se realizará en el huso 29 | |
| | f | Distribución de hojas | La distribución **1:2.000** empleada será la división en 20 x 20 de las hojas MTN50 oficiales | El corte de hojas se obtendrá aplicando con **un rebase de 10** metros con respecto a las cuatro esquinas teóricas, **redondeado a múltiplos de 10 m.** La dirección técnica entregará un listado de coordenadas con el corte de cada hoja. |
| 1. | | **VUELO FOTOGRAMÉTRICO** | | |
| 1.1. | | **Cámara fotogramétrica y equipos auxiliares** | | |
| | a* | Cámara | **Fotogramétrica digital**, que garantice las condiciones específicas para la Comunidad Autónoma de Galicia, indicadas en en el ítem 1.2.e. | En las ofertas, **se especificarán detalladamente las cámaras (marca y modelo) y accesorios** (sensores, conos, plataformas, etc...) que se utilizar en los trabajos |
| | b | Formato de los fotogramas | La imagen pancromática deberá tener unas dimensiones de al menos **12000 filas** y la imagen multiespectral una resolución como máximo 3 veces inferior | |
| | c* | Campo de visión transversal | **Mayor o igual a 20º y menor de 80º sexagesimales** | |
| | d | Calibración de la cámara | antigüedad ≤ **24 meses** | Realizada por el **fabricante** de la cámara ó **centro autorizado** por el mismo. Las empresas licitantes **entregarán copia de los certificados de calibrac con las ofertas** |
| | e | Control automático de la exposición | **obligatorio** | |
| | f | Resolución espectral del sensor | **- 1 banda situada en el pancromático**<br>**- 4 bandas situadas en el azul, verde, rojo e infrarrojo cercano**<br><br>En caso de utilización de sensor lineal, se realizarán tomas de las 4 bandas con los sensores nadirales y traseros<br>Además, se entregarán las tomas delantera (forward) y trasera (backward) pancromáticas | |
| | g | Resolución radiométrica | **De al menos 12 bits por banda** | |
| | h | Sistema FMC | **En las cámaras de formato matricial**, será obligatorio.<br>Se admitirá la compensación del avance del avión por medio de TDI (Time Delay Integration) u otros métodos previa consulta y aceptación por parte de la dirección técnica | FMC: Forward Motion Compensation |
| | i | Plataforma giroestabilizada automática | Uso obligatorio | según instrucciones del fabricante de la cámara |
| | j | Ventana fotogramétrica | **- Cristales que cumplan con las recomendadiones del fabricante de la cámara (espesor, acabado y material).**<br>**- Con sistema amortiguador que atenúe las vibraciones del avión.**<br>**- Que no obstruya el campo de visión para el FOV definido y la montura empleada.** | según instrucciones del fabricante de la cámara |
| | k | Sistema de navegación basado en GNSS | **Uso obligatorio**<br>**- Equipo de GNSS doble frecuencia de al menos 1 ó 2 Hz**<br>**- Sincronizado con la cámara mediante el registro de eventos** | Debe permitir:<br>- planificar el vuelo, determinando los centros de fotos<br>- navegación en tiempo real<br>- control automático de disparo<br>- registro de eventos<br>- registro de datos de captura de cada imagen<br>En las **cámaras matriciales** en caso de **la solución GNSS no sea absolu** será necesaria la realización de **pasadas transversales** de modo que que garantizadas las precisiones de aerotriangulación definidas en el apartado correspondiente de estas especificaciones |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Sistema inercial (IMU/INS) | **Uso obligatorio**<br>**- Frecuencia de registro de datos ≥ 200 Hz**<br>**- Deriva < 0,5º / hora** | Debido a la obligatoriedad del uso de sistemas IMU / INS, no será necesario realizar pasadas transversales<br>En las cámaras matriciales **en caso de fallo del sist. inercial durante el vuelo**, será necesaria la realización de **pasadas transversales** de modo que queden garantizadas las precisiones de aerotriangulación definidas en el apartado correspondiente de estas especificaciones |
| **1.2.** | **Vuelo y cobertura fotográfica** | | |
| a | Planificación del vuelo | - La empresa adjudicataria **entregará la planificación del vuelo antes de realizarlo**<br>- La distribución de los bloques de vuelo los definirá la empresa, debiendo presentar obligatoriamente un informe técnico de configuración de bloques, para su aprobación por la Dirección Técnica | La **Dirección Técnica** podrá hacer **observaciones** a dicha **planificación.**<br>Se deberán indicar las estaciones de referencia GNSS a utilizar durante el vuelo. |
| b | Fechas | **Del 15 de abril al 15 de octubre** | La dirección técnica determinará el rango de fechas óptimas y el de fechas aceptables para cada zona de vuelo en función de las condiciones agroclimáticas y fenológicas de dicha zona |
| c | Horario | Tal que la **altura del Sol** sobre el horizonte sea **≥40 grados sexagesimales** | **Evitar horas** que propicien **reflexiones especulares** y **"hot spot"** en la zona útil de cada fotograma |
| d | Condiciones meteorológicas | - Tiempo **claro,** sin nubes, niebla, bruma, nieve, zonas inundadas y en general cualquier condición meterológica adversa<br>- **Evitar vuelos al mediodía en julio y agosto** en días de "calima" | |
| e* | Tamaño de píxel y altura de vuelo | Se realizará cada pasada a una altura de vuelo tal que se cumplan simultáneamente las condiciones siguientes:<br>1) El tamaño de pixel medio para toda la pasada será de **0,09** m +/- 10 %<br>2) No habrá mas de un **20%** de fotogramas en cada pasada con pixel medio del fotograma mayor de **0,10** m.<br>3) Se podrá cambiar la altura del vuelo pro parte del organismo contratante en aquellos casos en los que pudiese suponer interferencias con el tráfico del aeropuerto. | En **zonas montañosas** estos porcentajes se podrán variar, siempre previa aprobación de la planificación de vuelo por la Dirección Técnica y **siempre que el tamaño medio del pixel para toda la pasada, sea <0,10 m** |
| f | Dirección de las pasadas | La dirección que más se adecúe a la zona de trabajo | |
| g | Recubrimiento longitudinal | **≥80%**<br>- En zonas de **montaña** y de **costa,** y en función del análisis de la Planificación del vuelo, se podrá tomar la decisión de incrementar el recubrimiento longitudinal para evitar zonas sin estereoscopía<br>- En caso de utilización de sensor lineal, la estereoscopía quedará garantizada combinando la imagen proporcionada por el sensor nadiral con la del sensor delantero o trasero | - Variaciones admitidas **+/-3%**<br>- En ningún caso quedarán **zonas sin recubrir estereoscópicamente** |
| h | Recubrimiento transversal | **≥60% medio**<br>**≥40% mínimo**<br>En zonas de relieve accidentado, se aumentará el número de pasadas o se realizarán pasadas intercaladas de forma que en ningún punto del fotograma el recubrimiento sea inferior al 40% | |
| i | Número de pasadas | - **Uniformemente distribuidas** en toda la zona a volar (ver el apartado "Zona a recubrir"), de forma que el valor medio del recubrimiento transversal no sea inferior al 60% | |
| j | Longitud máxima de una pasada | **- 15 kilómetros**<br>- Se permitirá prolongar la longitud de la pasada siempre que la duración del vuelo de esa pasada **no sobrepase los 20 minutos siempre que se cumpla con la precisión exigida en los apartados "Precisión de postproceso de la trayectoria" y "Precisión de los ángulos de actitud"**<br>- La distribución de los bloques de vuelo los definirá la empresa, debiendo presentar obligatoriamente un informe técnico de configuración de bloques, para su aprobación por la Dirección Técnica | No se realizarán pasadas más largas para **evitar variaciones cromáticas** excesivas en los mosaicos y disminuir los efectos de la proyección UTM en el ajuste del bloque. |
| k | Pasadas interrumpidas | En cámaras de formato matricial, deberán conectarse al menos con 3 fotogramas comunes.<br>En cámaras de **barrido lineal**, deberán conectarse al menos con una **longitud equivalente a 1 ancho de traza** en todos los ángulos de toma (escenas frontal (forward), trasera (backward) y nadiral (nadir)) | Para garantizar al menos **2 pares estereoscópicos comunes.**<br>**Ambas tomas se deberán realizar con la misma cámara.** |
| l | Superficie de agua en cada fotograma | **< 20%** | Cuando sea necesario se **incrementará** el recubrimiento longitudinal de algunas fotos ó el transversal de alguna pasada<br>Adicionalmente, en zona costera con pendiente acusada, se planificará una pasada tal que el eje de vuelo sea exterior a la línea de costa.<br>Esta limitación no se aplicará a fotografías del extremo de la pasada sobrantes que no intervengan en la AT y que puedan estar orientadas con garantías empleando GNSS/INS |

CONCELLO DE TEO
Alcaldía

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA - XUNTA DE GALICIA

iet INSTITUTO DE ESTUDIO DO TERRITORIO

CONCELLO DE CERCEDA (A Coruña) - FENE

FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS - FEGAMP

| | | | |
|---|---|---|---|
| m | Desviaciones de la trayectoria del avión | **≤ 50 m** de la planificada | |
| n | Desviaciones de la vertical de la cámara | **< 4°** | grados sexagesimales |
| o | Diferencias de verticalidad entre fotogramas consecutivos | **< 4°** | grados sexagesimales |
